



**MARZO 2026**

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Marzo 2026

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 26/25	Nº	Var. Int. 26/25
<b>VIAXEIROS</b>	8.270.160	7,3%	276.405	-0,2%
<b>NOITES</b>	23.606.982	5,4%	505.193	3,5%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,85	-1,7%	1,83	3,7%
<b>% OCUPACIÓN</b>	53,69%	0,79	30,81%	1,26
<b>ADR</b>	117,8 €	3,7%	64,7 €	5,3%
<b>RevPAR</b>	75,0 €	3,8%	24,1 €	8,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de marzo o INE estima que abriron en Galicia algo máis de 1.200 establecementos hoteleiros –cifra similar á do pasado ano 2025–, que ofertaron preto de 53 mil prazas –dato que en termos globais cae un 1%–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste terceiro mes de 2026:

- A conxuntura hoteleira de Galicia deste mes de marzo está condicionada en parte polo efecto do calendario, coa celebración da Semana Santa en períodos diferentes agora en 2026 -parte en marzo e parte en abril- e no pasado ano 2025 -cando se celebrou integramente no mes de abril-. Neste sentido pode haber un efecto positivo só por influencia do calendario.
- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de marzo algo máis de 276 mil viaxeiros aloxados e 505 mil noites, cifras que presentan un comportamento variable en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites increméntase un 3,5% como consecuencia dun comportamento positivo da estadía media -sobe un 3,7%- nun contexto de estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados.
- Esta dinámica coloca o nivel de demanda deste ano non só por encima dos valores do pasado ano senón de toda a serie anterior a 2024. Fica por debaixo do nivel rexistrado xustamente nese ano, en 2024 -cando se celebrou a Semana Santa integramente en marzo e se rexistraran 563 mil pernoctacións- e tamén de 2008 -cando se rexistrou o máximo da serie histórica con 587 mil noites-. Tendo en conta o período máis recente da serie vemos, por tanto, que o segmento hoteleiro de Galicia acada a segunda cifra máis alta, superando por segunda vez o medio millón de noites no mes de marzo.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase en cambio un comportamento estable, manténdose en cifras parellas ás do pasado ano con algo máis de 276 mil no mes de marzo. O máximo da serie histórica acádase en marzo cando se superan por vez primeira os 300 mil viaxeiros aloxados.



- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. A meirande parte delas, trece en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Castela A Mancha -cunha suba do 15,5%- por diante de Baleares -destino no que o número de noites crece un 14,5%- e de Andalucía e Cataluña -ambas cunha suba do 9% neste caso-.
- Asturias mantense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os tres restantes -minoría neste caso- presentan caídas en relación ao pasado ano, máis suave en Navarra e Cantabria -do contorno do 7-8%- e de maior intensidade en Murcia -presenta un descenso do 12% interanual.
- Galicia colócase por tanto nunha posición media no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica positiva-, cunha taxa de variación inferior á media do conxunto do Estado -onde se observa un crecemento medio do 5,4%-.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase como a única comunidade con comportamento estable, mellorando neste caso a dinámica de tan só dous destinos. Significa isto que boa parte das comunidades presentan crecementos de intensidade variable -catorce en particular- sendo Castela A Mancha novamente o destino coa taxa máis elevada. No conxunto do Estado o crecemento medio sitúase no 7,3%.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na novena posición absorbendo o 2,1% do total estatal. Gaña unha posición respecto do observado en febreiro mais continúa por debaixo da súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Canarias – lidera por quinta vez consecutiva o ranking estatal con preto de 6,3 millóns de noites-, Andalucía –con pouco máis de 4,0 millóns-, Cataluña -con 3,5 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,3 millóns- e Madrid -con 2,3 millóns de noites neste caso-.
- Estas cinco comunidades absorben o 78% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Canarias, que se coloca por quinta vez consecutiva desde abril como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Baleares que liderou o ranking de maio a outubro-, representa o 27% do total de España -porcentaxe inferior á dos últimos meses-.
- A continuación deste grupo principal de cinco destinos sitúanse Baleares, Castela e León, e o País Vasco -a primeira con 1,6 millóns de pernoctacións e as dúas últimas con arredor de 600 mil noites-, por diante de Galicia e das restantes comunidades autónomas.
- O 77% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 46% do total-. Así pois, case a metade das noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe similar á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 31%.



- Neste mes presenta menor volume e peso o mercado internacional pois representa o 23% do total da demanda hoteleira -segmento que por quinta vez consecutiva non supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo a nivel de mercados. Así, en marzo increméntase o turismo de ámbito nacional -un 3,4% o interno e un 3,8% o que procede do resto do Estado- e o internacional -un 3,0% neste caso-. Son dinámicas moi parellas en dirección e intensidade, o que leva a certa estabilidade na estrutura da demanda en relación ao mes de marzo do pasado ano. Non semella que neste punto tivese moita influencia a Semana Santa pois habitualmente é un período de forte presenza do mercado nacional -en termos de peso-.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira neste mes de marzo vén como consecuencia, por tanto, dos crecementos observados polos tres grandes segmentos de mercado.
- Con esta dinámica o mercado internacional consolida a tendencia de crecementos observada nalgúns meses do pasado ano así como en xaneiro e febreiro. Xa cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional recupera a tendencia positiva rexistrada desde a pandemia, con subas importantes no trienio 2022-24. Esta dinámica soamente se viu truncada coa caída puntual observada en marzo do pasado ano 2025, do 5% neste caso.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados polos principais mercados, algúns con notable intensidade. Así neste mes increméntase o turismo procedente de EEUU -segundo mercado en orde de importancia-, que supera nun 16% o número de noites do pasado ano. Sobe tamén nalgúns dos restantes mercados principais, con maior intensidade o alemán ou francés -rexistran incrementos do contorno do 14%- e de forma máis suave o británico -crece neste mes un 4%-.
- No lado contrario rexistran neste mes un comportamento negativo o principal mercado da comunidade -Portugal, que cae un 9%, circunstancia que acontece por vez primeira este ano- así como o italiano -descende tamén un 9%- e sobre o que ten orixe nos Países Baixos -o número de noites do mercado neerlandés cae en máis dun 40%-.
- Apréciase, por tanto, un comportamento positivo mais variable do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, se ben no caso do portugués rompe cunha dinámica positiva logo de rexistrar crecementos consecutivos de novembro do pasado ano a febreiro. Destacan en intensidade, por unha banda, o crecemento do mercado estadounidense e, pola outra, a caída do segmento neerlandés.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento similar pois o incremento deste ano recupera a tendencia positiva observada de 2022 a 2024 e que se viu puntualmente truncada co descenso rexistrado no pasado ano 2025, do 20% neste caso. Tal circunstancia coloca o número de noites por encima das 230 mil -a segunda cifra máis alta desde 2018-. O máximo da serie histórica acádase en 2024 con 277 mil pernoctacións.
- Este último presenta unha dinámica variable dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade. O principal mercado -Madrid- presenta un comportamento positivo, superando nun 11% o número de noites do pasado ano. Engádense a esta



dinámica os mercados de proximidade -Asturias e Castela e León, con subas do 2% e 5%, respectivamente- e o catalán -cun incremento suave do 2%-. Amonan en cambio un comportamento negativo, en contraste cos anteriores, os mercados andaluz e valenciano -con caídas do 4% e 8% interanual, respectivamente-.

- O turismo interno, co incremento deste ano, eleva o volume de pernoctacións a 156 mil, cifra que presenta un comportamento algo diferente ao dos dous mercados restantes -supera os valores dos últimos anos salvo o de 2024 mais tamén fica por debaixo das cifras previas á pandemia, de 2018 e 2019 en particular-.
- As escasas diferenzas na variación do número de noites provoca que non haxa cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mantense relativamente estable o peso do mercado interno e do receptor, con variacións que non superan as dúas décimas porcentuais.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno mantense nas porcentaxes máis baixas da serie histórica -xusto antes da pandemia roldaba o 35%, por exemplo-. O receptor nacional fica no contorno do 46% -porcentaxe equivalente á de 2024-, mentres que o internacional consolida o máximo da serie histórica co 23% do total da demanda.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é neste caso algo variable. En síntese mellora en tres provincias -sobe o número de noites un 16% en Lugo, un 18% en Ourense e un 9% en Pontevedra- e descende unicamente en A Coruña -un 6% neste caso-.
- Co 44% das noites hoteleiras A Coruña lidera agora en marzo, por sétimo mes consecutivo, o mercado turístico hoteleiro -substitúe a Pontevedra que no verán lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual nos meses de temporada media e baixa-. Segue a continuación xustamente Pontevedra, co 32%, por diante de Lugo e Ourense -co 14% e 10% do total, respectivamente-. Mantense agora en marzo a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 75% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto diferente entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é relativamente positivo, con algunha excepción concreta. Neste sentido apréciase unha dinámica positiva en todos os segmentos dos hoteis, con crecementos da demanda de maior intensidade naqueles dunha estrela -sobe o número de noites un 14%-, algo máis suave nos de dúas e tres estrelas -do contorno do 9%- e de menor intensidade naqueles de catro e cinco estrelas -cunha suba do 2% neste caso-.
- No ámbito das pensións a dinámica é dispar, con crecemento da demanda naquelas dunha estrela -do 9%- e caída nas de dúas e tres estrelas -do 15% neste caso-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda crece no conxunto dos hoteis -arredor dun 6%- mais descende nas pensións -un 7% neste caso-. Ambas tipoloxías amosan, por tanto, un comportamento dispar neste terceiro mes do ano.
- O conxunto dos hoteis representa o 84% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 47% do total das noites-, ficando o 16% restante no ámbito das pensións.



- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,8 noites, cifra que supera nun 3,7% o dato do pasado ano. Contrasta isto cos descenso rexistrados nos últimos catro anos, forte en 2022 e máis suave en 2024, circunstancia que permite aproximarse a valores de inicio desta década, e tamén do período previo á pandemia.
- Con todo, a estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado -supera neste mes o dato de cinco destinos-. Canarias, con 6,3 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario o valor máis baixo queda en dous destinos - Castela e León, e Castela A Mancha- con 1,7 noites de media.
- En termos dinámicos Galicia é a comunidade coa segunda taxa de crecemento da estadía media neste mes de marzo.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media presenta certas variacións entre provincias. Ourense rexistra o valor máis elevado con 2,0 noites de media. A Coruña e Pontevedra fican con 1,8 noites mentres que en Lugo rexístrase o nivel máis baixo con preto de 1,7 noites.
- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos cinco últimos, e ao contrario do observado de marzo a setembro do pasado ano, a estadía media acada os valores máis altos nas pensións dunha estrela -con 2,3 noites-. Aquelas dunha estrela rexistran 1,6 noites de media. No ámbito dos hoteis en particular a variabilidade é menor e sitúase entre 1,7 noites naqueles de unha a tres estrelas, e 1,9 noites nos de catro e cinco estrelas. Ao contrario do que acontece nas temporadas media e alta, o valor da estadía non está correlacionado coa categoría do aloxamento, e dáse unha circunstancia propia da temporada baixa -coa cifra máis alta xustamente no segmento de categoría máis baixo-.
- O crecemento do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta apenas varía en termos interanuais -o número de prazas dispoñibles cae menos do 1%- . Isto leva a certa mellora dos niveis de ocupación en relación ao 2025 -de algo máis dun punto porcentual- para situarse no 30,8% de media-.
- Mellora a ocupación por cuarta vez nos últimos cinco anos -cae unicamente en marzo de 2025-, circunstancia que mantén a cifra final no 30% de media. Supérase esta porcentaxe dúas veces na serie histórica, particularmente en 2008 e 2024.
- Tal circunstancia mantén en todo caso o dato de Galicia nunha posición baixa no ranking estatal -é en realidade, a segunda cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias marca agora en marzo, por sexta vez consecutiva desde abril do pasado ano, a porcentaxe máis elevada cun 74,9% de media -igual que o fixo no primeiro trimestre de 2025 e substituíndo a Baleares que liderou o ranking de ocupación de abril a setembro-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda neste mes en Cantabria, cun 30,4% de media.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 64,7 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 5,3%- así como o valor de 2019 -nun 23% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de marzo. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras soben igualmente pero con menor intensidade -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 3,8%-.



- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición baixa a nivel estatal -presenta, en realidade, a tarifa media máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias, con 157,0 euros, presenta en cambio as tarifas máis elevadas neste mes.
- En termos dinámicos Galicia colócase nunha posición intermedia no ranking de variacións interanuais das tarifas hoteleiras. Soben con maior intensidade en Castela A Mancha e Cantabria -cerca dun 10% en ambas-. No lado contrario marca a excepción Baleares, único destino no que as tarifas hoteleiras se manteñen estables.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións sobe un 3,7%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 5,3% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 8,1% situándose en 24,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade se achegara aos 24 euros neste terceiro mes do ano.
- Galicia fica tamén neste ámbito nunha posición baixa respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -marca, en realidade, o valor máis baixo de todo o Estado-. Con 136,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Canarias marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.
- En termos dinámicos Galicia é unha das comunidades con maior incremento dos niveis de rendibilidade hoteleira neste mes de marzo. Lideran este ranking destinos do interior peninsular -Castela A Mancha coa suba do 19%, e Castela e León co crecemento do 11% neste caso-.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 20,9 millóns de euros no mes de marzo, cifra que supera nun 8,1% o dato do pasado ano. Con este incremento supera tamén toda a serie anterior a 2025, salvo en 2024 -cando se rexistra o máximo histórico con 21,7 millóns de euros-.
- Descontando o efecto da inflación o crecemento medio dos ingresos hoteleiros sitúase no 4,1%.

## ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Marzo 2016-26




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Marzo 2026/25




Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Noites, marzo 2026




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Marzo 2026/25




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Marzo 2026/25




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Marzo 2026/25




Fig. 7. Evolución da estadia media. Marzo 2016-26




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Marzo 2016-26




Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Marzo 2014-26




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Marzo 2014-26

